

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000481	IES Ramón Cabanillas	Cambados	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Formación e Orientación Persoal e Profesional	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Formación e Orientación Persoal e Profesional do 4º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Con esta materia preténdese que o alumnado se coñeza a si mesmo e sexa consciente da contorna sociocultural en que se atopa, de modo que facilite a súa aprendizaxe ao longo da vida e o seu desempeño académico e profesional.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e a súa contorna.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado en Cambados (Pontevedra)

O grupo seleccionado de 4º ESO, está composto por 20 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 15 e os 17 anos que acceden maioritariamente de 3 curso da ESO ou repiten curso, ademais dunha alumna relativamente nova no centro

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender os procesos físicos e psicolóxicos implicados na cognición, a motivación e a aprendizaxe, xunto coas principais características do desenvolvemento evolutivo da persoa estudadas polas ciencias sociais, analizando as súas implicacións na conduta, considerando os factores persoais e socioculturais que interveñen na configuración psicolóxica da persoa, para obter un bo coñecemento axeitado de si mesmos que lles permita construír o seu proxecto persoal de vida.		3	1		1-3-4-5	1-2		
OBX2 - Analizar e describir aqueles elementos da madurez que condicionan os comportamentos, identificando as calidades persoais e de relación social propias e dos demais, desenvolvendo estratexias de xestión emocional e do propio proceso de aprendizaxe, e estratexias e habilidades sociais adecuadas a contextos cambiantes e a grupos diferentes, para mellorar o desempeño no ámbito persoal, social e académico e lograr maior control sobre as accións e as súas consecuencias, e para potenciar, así, aquelas calidades persoais no alumnado que favorecen a autonomía e permiten afrontar de forma eficaz os novos retos aos que se van enfrontar na súa entrada á idade madura.		3			1-3-4-5	1	2	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Explorar as oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna, descubriendo e priorizando as necesidades e intereses persoais e vocacionais e desenvolvendo o espírito de iniciativa e de superación, así como as destrezas necesarias na toma de decisións, para levar a cabo un proxecto persoal, académico e profesional propio e realizar unha primeira aproximación ao deseño dun plan de procura activa de emprego.	3			1-3	4-5		1-2-3	
OBX4 - Coñecer e comprender o ser humano, nas súas dimensións social e antropolóxica, e atender á variedade de sociedades e culturas, analizando con empatía a súa diversidade e complexidade desde diferentes perspectivas para comprenderse a un mesmo e interactuar cos demais desde o respecto á diversidade persoal, social e cultural, e fomentar o espírito crítico sobre aspectos que dirixen o funcionamento do ser humano nestes ámbitos.					3	1-2-3	2	1-2

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A identidade persoal e a sociedade	Esta unidade aborda o coñecemento do ser humano desde a perspectiva das ciencias humanas e sociais relacionadas coa psicoloxía, a antropoloxía e a socioloxía.	40	38	X		
2	A aprendizaxe e a formación individual	Nesta unidade analízase a importancia da formación e orientación persoal cara á vida adulta así como a posibilidade de coñecer a oferta formativa da contorna e optimizar a xestión dos itinerarios de aprendizaxe.	30	35		X	
3	O mundo laboral e a busca de emprego	Unidade enfocada á orientación profesional vinculada á exploración de contextos de traballo, que permita coñecer o funcionamento do mercado laboral e as distintas vías profesionais, así como o coñecemento das ferramentas de busca de emprego.	30	32			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A identidade persoal e a sociedade	38

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Reflexionar de maneira crítica sobre a condición humana, a sociedade e a cultura, a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais.	Reflexionar de maneira crítica sobre a condición humana, a sociedade e a cultura.	PE	60
CA1.2 - Analizar os factores persoais e socioculturais que interveñen na configuración psicolóxica da persoa a partir do coñecemento comparado da dimensión social e antropolóxica do ser humano.	Analizar os factores persoais e socioculturais que interveñen na configuración psicolóxica da persoa.		
CA1.3 - Analizar a relación da cognición, a motivación, a aprendizaxe e a xestión emocional coa conduta, tanto propia como dos demais, a partir das bases teóricas fundamentais dos procesos físicos e psicolóxicos que interveñen neles.	Analizar a relación da cognición, a motivación, a aprendizaxe e a xestión emocional coa conduta, tanto propia como dos demais.		
CA1.6 - Analizar e comprender no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.	Identificar no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.	TI	40
CA1.5 - Analizar a importancia do compoñente emocional, tomando conciencia da súa repercusión na aprendizaxe e desenvolvendo estratexias que o melloren.	Analizar a importancia do compoñente emocional, tomando conciencia da súa repercusión na aprendizaxe.		
CA1.7 - Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano.	Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos.		
CA1.8 - Analizar a diversidade persoal, social e cultural desde distintas perspectivas a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais, mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.	Analizar a diversidade persoal, social e cultural mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.	TI	40
CA1.9 - Valorar a diversidade, desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, considerándoa un elemento enriquecedor no ámbito persoal, social e cultural.	Valorar a diversidade, desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- As ciencias sociais e o coñecemento que nos proporcionan do ser humano. A visión da psicoloxía, da antropoloxía e da socioloxía.

Contidos

- Presentación da psicoloxía.
- Presentación da antropoloxía.
- Presentación da socioloxía: a socioloxía como disciplina e a racionalidade da acción social.
- As perspectivas das ciencias sociais sobre o debate entre o herdado e o aprendido. Bioloxía e cultura.
- Os fundamentos psicobiolóxicos da conduta.
- Neurociencia, xenética e endocrinoloxía.
- A neurona, o impulso neuroeléctrico, a sinapse, as redes neurais.
- O sistema nervioso central. As principais estruturas do encéfalo. O sistema límbico.
- O sistema nervioso periférico.
- A compoñente emocional do noso psiquismo.
- Recoñecemento e control das emocións.
- A motivación.
- Benestar e hábitos saudables.
- Os circuitos de recompensa e os problemas de adiccións relacionados.
- Outros ámbitos do psiquismo: cognición, intelixencia, personalidade
- A cognición e os procesos asociados.
- Intelixencia cognitiva, intelixencia emocional, intelixencia executiva.
- A constitución da personalidade: influencias biolóxicas e da contorna. As teorías dos trazos.
- O desenvolvemento evolutivo do psiquismo.
- O desenvolvemento das capacidades cognitivas ao longo da vida.
- O desenvolvemento da personalidade.
- A adolescencia como momento evolutivo clave no desenvolvemento do noso psiquismo. As características da mente adolescente.
- A psicoloxía social.
- A necesidade individual de pertenza a grupos.
- A influencia do grupo.
- O desenvolvemento individual dentro do grupo.
- Antropoloxía. O ser humano como ser cultural.
- Concepto antropolóxico de cultura. O ser humano como construción cultural.
- Humanización e cultura.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O papel da muller na humanización. - Diversidade cultural (etnocentrismo, relativismo cultural e transculturalidade). - Concepto de sociedade e o ser humano como ser social. - Comunicación, linguaxe e simbolismo. - Proceso de socialización e axentes de socialización: familia, grupos, institucións, asociacións e organizacións. - O ser humano como Homo oeconomicus. Teorías críticas. - Vida en sociedade. - Normas, roles, status e estereotipos: a cohesión social. - Estratexias de inclusión e cohesión social: interacción social e discriminación. - Igualdade de xénero. - Condutas prosociais e antisociais. - Adolescentes na sociedade. - O adolescente e as súas relacións cos demais: a convivencia positiva. - O grupo: importancia, valor e diversidade. - A autonomía e a asunción progresiva de responsabilidades.

UD	Título da UD	Duración
2	A aprendizaxe e a formación individual	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar e aplicar os procesos que interveñen na aprendizaxe, analizando as súas implicacións e desenvolvendo estratexias que favorezan a adquisición de coñecementos, destrezas e actitudes.	Identificar e aplicar os procesos que interveñen na aprendizaxe.	PE	60
CA2.1 - Analizar e comprender no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.	Identificar no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.		
CA2.2 - Identificar calidades persoais e sociais propias e dos demais reflexionando sobre a importancia de potenciar aquelas que permitan afrontar novos retos eficazmente e de modo progresivamente autónomo, e faciliten así o proceso de transición da adolescencia á vida adulta.	Recoñecer calidades persoais e sociais propias e dos demais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Mellorar o desempeño persoal, social e académico aplicando estratexias de aprendizaxe e xestión emocional que permitan maior control sobre as accións e as súas consecuencias.	Mellorar o desempeño persoal, social e académico.	TI	40
CA2.4 - Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano.	Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos.		
CA2.5 - Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais mediante a exploración das oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna presencial e virtual, e desenvolvendo as destrezas necesarias no proceso de toma de decisións.	Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais.		
CA2.6 - Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece, valorando aquelas que mellor se adaptan ás calidades e intereses persoais e potenciando o espírito de iniciativa e superación.	Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece.		
CA2.7 - Analizar a diversidade persoal, social e cultural desde distintas perspectivas a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais, mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.	Analizar a diversidade persoal, social e cultural mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.		
CA2.8 - Valorar a diversidade desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, considerándoa un elemento enriquecedor no ámbito persoal, social e cultural.	Valorar a diversidade, desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proceso de aprendizaxe e formación desde as ciencias sociais. - Aprendizaxe e procesos psicolóxicos involucrados: atención, motivación, memoria. - Estratexias de aprendizaxe e estilos de aprendizaxe. - A aprendizaxe desde a socioloxía: aprendizaxe formal institucionalizada, non formal e informal. - A formación cara á vida adulta: características persoais, habilidades sociais e de organización e xestión, traballo en equipo. - Autoconecemento, autonomía persoal e autopercepción. Estilo atribucional. Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo. Confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo. Estratexias para enfrontarse ao fracaso e á frustración. - Habilidades sociais e habilidades de comunicación. Estratexias para superar as eivas de comunicación. - Ferramentas dixitais na interacción cos demais. Pegada e reputación dixital. Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional.

Contidos

- Habilidades de organización e xestión.
- Os equipos de traballo. O liderado como trazo da personalidade. O conflito: concepto, causas, tipos e resolución. A negociación.
- A formación académica.
- Programas, oportunidades e axudas para a formación. Servizos de orientación académica.
- Información sobre a estrutura do sistema educativo.
- Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar no bacharelato, na FP e nos estudos superiores.
- Itinerarios académico-profesionais: información sobre traxectorias académico-profesionais na lexislación vixente.
- A formación profesional.
- Servizos de orientación profesional. Orientación académico-profesional para a igualdade de oportunidades.
- A transición á vida activa.
- Valoración da importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional.
- Información xeral sobre sectores económicos e produtivos.
- Retos da revolución dixital.
- O emprendedurismo: emprendemento e intraemprendemento.
- Participación social activa.
- Colaboración e voluntariado.

UD	Título da UD	Duración
3	O mundo laboral e a busca de emprego	32

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Analizar e comprender no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.	Identificar no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.	PE	60
CA3.4 - Identificar calidades persoais e sociais propias e dos demais, reflexionando sobre a importancia de potenciar aquelas que permitan afrontar novos retos eficazmente e de modo progresivamente autónomo, e faciliten así o proceso de transición da adolescencia á vida adulta.	Recoñecer calidades persoais e sociais propias e dos demais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais mediante a exploración das oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna presencial e virtual, e desenvolvendo as destrezas necesarias no proceso de toma de decisións.	Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais.	TI	40
CA3.2 - Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece, valorando aquelas que mellor se adaptan ás calidades e intereses persoais e potenciando o espírito de iniciativa e superación.	Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece.		
CA3.5 - Mellorar o desempeño persoal, social e académico aplicando estratexias de aprendizaxe e xestión emocional que permitan maior control sobre as accións e as súas consecuencias.	Mellorar o desempeño persoal, social e académico.		
CA3.6 - Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano.	Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos.		
CA3.7 - Analizar a diversidade persoal, social e cultural desde distintas perspectivas a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais, mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.	Analizar a diversidade persoal, social e cultural mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.		
CA3.8 - Valorar a diversidade, desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, considerándoa un elemento enriquecedor no ámbito persoal, social e cultural.	Valorar a diversidade desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proxecto persoal: o autoconhecimento. - Plans de autoconhecimento e de formación académica e profesional. - O coñecemento persoal: habilidades, aptitudes, motivacións e intereses persoais. - Análise de fortalezas e debilidades propias. - A diversidade como elemento enriquecedor. - A intelixencia emocional. Autoconhecimento, autocontrol, automotivación, empatía e habilidades sociais. - O proceso de toma de decisións. Organización dunha conduta decisoria. - Roles grupais e comprensión dos roles nos que mellor encaixamos. - O proxecto persoal académico-profesional: as aspiracións profesionais.

Contidos

- Aspiracións e metas: definición do obxectivo que se quere conseguir.
- Identificación de intereses, capacidades, motivacións e aptitudes persoais para o proxecto profesional ao que aspiramos.
- Identificación dos itinerarios académicos e profesionais que se poden seguir.
- Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e test psicométricos.
- A toma de decisión na orientación académica e profesional.
- Avaliación das alternativas e da decisión tomada.
- Aproximación a un plan de busca activa de emprego con proxección cara ao futuro.
- Análise dos intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional.
- Identificación de itinerarios formativos relacionados.
- Definición e análise do sector profesional.
- Fontes de información.
- Estratexias, instrumentos e proceso da busca de emprego en empresas do sector.
- Fontes de procura de emprego. Información xeral para a busca activa de emprego e de alternativas.
- A oferta de traballo. Selección de ofertas e perfil da persoa candidata.
- Información sobre a elaboración e presentación da carta de presentación e do currículo persoal: tipos e contido.
- A entrevista de traballo.
- Os distintos tipos de emprego.
- Traballo por conta allea e traballo por conta propia.
- O traballo na Administración pública.
- Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
- Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos profesionais: axudas e subvencións á creación de empresas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica nesta materia debe favorecer a capacidade do alumnado por aprender por se mesmo tendo en conta a diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe e promover a aprendizaxe en equipo facendo fincapé na relación dos aspectos teóricos da materia coas súas aplicacións prácticas na sociedade. Así mesmo, traballarase os valores transversais fomentando especialmente a comprensión lectora e a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula. A metodoloxía didáctica adaptase ás características de cada estudante, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo e para traballar en equipo. Ademais fomentase a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

* PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

No proceso de ensinanza e aprendizaxe han de asegurarse distintos tipos de aprendizaxe:

1º: Aprendizaxe significativa: partindo dos coñecementos previos, as alumnas e os alumnos, han de ser capaces de aprender a aprender, adquirindo unha serie de coñecementos, habilidades e actitudes para poder establecer

relacións entre a materia e a súa propia realidade.

2º: Aprendizaxe funcional: os novos contidos deberán ser aplicados en diferentes contextos cando os estudantes o precisen.

3º: Aprendizaxe cooperativa: traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates favorecerá o interese pola mesma e axuda ao estudante no seu perfeccionamento persoal e social.

4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TICs: coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como recurso de apoio.

A metodoloxía didáctica adaptarase ás características de cada estudante, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo e para traballar en equipo. Ademais fomentárase a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

* TIPOS DE ACTIVIDADES E PROXECTO PERSOAL

Entre as distintas actividades que conformarán o portfolio do alumnado, atoparanse:

- Preparación de entrevistas laborais entre os distintos grupos de alumnado. Simulacro e representación da entrevista. Debate grupal e coavaliación.

- Elaboración dun DAFO e deseño dun perfil persoal / profesional. Actividade relacionada co taller impartido por profesionais do sector da orientación laboral no cal traballarán con ferramentas para elaborar perfís profesionais, CV...

- Preparación de entrevistas aos distintos poñentes da actividade complementaria "Charla - coloquio de antigas/os alumnas/os". Actividade programada para interactuar con antigo alumnado do centro, na cal contarán as súas experiencias formativas e profesionais.

* DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

a) Introducción á unidade didáctica.

b) Análise dos coñecementos previos dos alumnado.

c) Desenvolvemento da unidade a través de diferentes tarefas e actividades.

d) Resumo e síntese dos contidos da unidade.

* TIPOS DE AGRUPAMENTOS

As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:

- Gran grupo.

- Equipos de traballo cooperativo.

- Traballo individual.

* CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros ou capítulos relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro do estudante. Así mesmo, contribuírase ao Plan TICs coa utilización de diferentes recursos (proxección de vídeos, presentacións, avaliacións interactivas, kahoots...).

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto elaborado pola profesora
Dotación da aula (proxeccionador, encerado dixital, tradicional, pupitres...)
Aula edixgal da materia
Caderno do alumno/a
Portfolio

Materiais audiovisuais

Actividades de iniciación, desenvolvemento, estruturación, aplicación, afondamento, consolidación, síntese, reforzo e específicas de avaliación

O espazo habitual no que se desenvolverán as sesións consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán o libro de texto recomendado polo departamento didáctico e todos os materiais que formen parte dos contidos da aula virtual da materia, na súa maioría deseñadas polo docente así como tamén o caderno onde se desenvolverán todas as actividades, exercicios e tarefas propostas polo docente.

Na aula edixgal a docente colgará material para o alumnado que por razóns xustificadas non asista de forma prolongada ao centro.

No portfolio o alumnado gardará e clasificará trimestralmente non só todos aqueles documentos impresos que lle sexan entregados ao longo do curso, senón tamén os xerados por eles mesmos. Entre os recursos impresos mencionados destacan as actividades de comprensión lectora, os informes e as diferentes actividades propostas para o grupo e especificamente para cada estudante cando a/o docente o considere necesario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	40	30	30	100
Proba escrita	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar o grao de adquisición dos obxectivos.

Probas escritas: realizaranse entre una e tres probas por avaliación con contidos específicos asociado aos criterios de avaliación. En cada avaliación realizarase unha media aritmética das notas das probas escritas. Esta media, representará o 60% da cualificación da avaliación.

O outro 40% vén definido polos criterios de avaliación que se recollen nas táboas de indicadores. Estes criterios de avaliación, estarán asociados a distintas rúbricas e listas de cotexo que se analizarán en distintos procedementos de avaliación ao longo de todas as unidades (traballos cooperativos e individuais, caderno de aula, proxecto persoal e actividades de aula). As producións do alumnado serán refrendadas cun rexistro do docente.

Polo tanto, os pesos para o cálculo da cualificación final en cada unha das avaliacións estarán representados por:

60% probas escritas

40% táboas de indicadores

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais ou das obtidas nas correspondentes recuperacións no seu caso.

No caso de decimais na nota final de cada avaliación e na cualificación final seguiranse os seguintes criterios:

- Decimais menores a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6 na avaliación).
- Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 6.6 correspóndelle un 7 na avaliación)

Criterios de recuperación:

Cando unha alumna ou un alumno non supere unha avaliación, realizaráselle unha proba escrita de recuperación baseada no grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación das unidades asociadas a esa avaliación. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

No caso de decimais na nota final de cada avaliación e na cualificación final seguiranse os seguintes criterios:

- Decimais menores a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6 na avaliación).
- Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 6.6 correspóndelle un 7)

6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras que, en todo caso, vaian máis alá dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X		
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.9 - Creatividade		X	

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charla - coloquio de alumnas/os	Actividade programada para interactuar con alumnado do centro ou de centros da comunidade na cal contarán as súas experiencias formativas e profesionais.	X		
Taller de elaboración de perfil profesional/CV	Taller impartido por profesionais do sector da orientación laboral no cal traballarán con ferramentas para elaborar perfís profesionais, CV...		X	
Visitas a empresas	Visitas a empresas da contorna para coñecer o tecido empresarial			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Participación activa de todo o alumnado.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.

Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflicte na normativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

9. Outros apartados

1. CONTIDO DA PROGRAMACIÓN

En caso de discrepancias en relación ao contido da presente programación prevalecerá o criterio do profesorado